

## **Acta da Comisión de Garantía Interna de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 18 de decembro de 2019**

### **Anexos:**

- I. Convocatoria da CGIC do 18/12/2019
- II. Asistentes á CGIC do 18/12/2019
- III. Rexistro R3-MC02 P1 Informe de QSP periódico (curso 2018-2019) do procedemento MC02 P1 Xestión das QSP
- IV. Rexistros do procedemento PE01 P1 Xestión do PAS:
  - a. R1 Identificación das necesidades do PAS do centro
  - b. R2 Identificación das necesidades de formación do PAS do centro
- V. Rexistro R1 Resultados de avaliación docente definitivos (anuais) do procedemento PE02 P1 Xestión do PDI:
  - a. EAD 2017-2018 (por titulacións)
  - b. EAD 2018-2019 (por titulacións)
  - c. Informe Docencia 2016-2017 (por titulacións)
- VI. Rexistro R3 Informes de revisión interna, do procedemento DO0102 Seguimento e mellora das titulacións

Ábrese a sesión ás 12 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas do Módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Presidenta, Dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

- 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o 19 de novembro de 2019.**

Achegouse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGIC.

Apróbanse por asentimento as actas, que serán publicadas, na sección de CALIDADE – COMISIÓN DE CALIDADE da web do centro:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/comision-de-calidade/>

## 2. Informe do Coordinador.

O Coordinador comenta as principais incidencias relativas á Calidade desde a anterior sesión da CGIC:

- O 22 de novembro de 2019 a Área de Calidade publicou os Resultados Definitivos das Enquisas de Avaliación Docente do curso 2018-2019.
- O 22 de novembro de 2019 enviouse á Área de Calidade o documento aprobado na Comisión de Calidade do 19/11/2019 coas alegacións e comentarios ao informe provisional de seguimento interno da EE de Minas e Enerxía.
- O 26 de novembro de 2019 a Área de Calidade achegou os Resultados das
  - ✓ Enquisas de satisfacción de persoas tituladas (2018-2019) – preguntas abertas
  - ✓ Enquisas de satisfacción a entidades empregadoras 2018-2019 que non se publican no portal de transparencia.
- O 26 de novembro de 2019 a Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado achegou as Normas de Xestión Académica para titulacións de grao reguladas polo Real Decreto 1393/2007.
- O 18 de decembro de 2019 a Área de Calidade achegou o Informe Final de Seguimento Interno das titulacións do centro, correspondente ao rexistro R3 do procedemento DO0102 Seguimento e mellora das titulacións.
- O 18 de decembro de 2019 a Unidade de Análises e Programas publicou no Portal de Transparencia:
  - ✓ os indicadores Taxas abandono (CURSA e verifica), graduación e cambio de estudo correspondentes ao curso 2018-2019 (non por cohorte)
  - ✓ a revisión/actualización de tres indicadores
  - ✓ unha ferramenta para a descarga sinxela dun EXCEL cos informes dos indicadores.

- **Rexistros de evidencias introducidos na plataforma do SGIC:**
    - ✓ R1-DO0204 P1 Criterios de asignación de prácticas curriculares: documento aclaratorio da coordinadora do MUEM e o coordinador de prácticas da EME.
  - **Evidencias e asuntos de calidade pendentes, que non se rexistran no SGIC:**
    - ✓ Rexistros do procedemento **MC02 P1 Xestión das QSP**: o coordinador de calidade comenta as estatísticas da xestión das QSP recibidas no curso 2018-2019 e o resumo das mesmas. Explica que publicará na Web do centro o rexistro R3-MC02 P1 Informe de QSP periódico (curso 2018-2019) no que sintetizará toda esta información nunha táboa resumo, eliminando os nomes propios (ANEXO III).
    - ✓ Re-certificación do Sistema de Calidade do centro.
3. **Aprobación, se procede, dos seguintes rexistros do procedemento PE01 P1 Xestión do PAS:**
- **R1 Identificación das necesidades do PAS do centro**
  - **R2 Identificación das necesidades de formación do PAS do centro.**

A Presidenta lembra que toda a documentación relativa a este punto da orde do día foi enviada aos membros da comisión por email (Anexo IV). A continuación explica que os rexistros do procedemento **PE01 P1 Xestión do persoal** foron elaborados pola Administradora do Ámbito Tecnolóxico, Dona Ana M<sup>a</sup> Cacheiro, e resume o seu contido:

- **R1-PE01 P1 Identificación das necesidades de PAS do centro.** Aínda están pendentes de estudo nas comisións de traballo dúas necesidades reclamadas con anterioridade: a inclusión na RPT dunha praza de Coordinador/a de Centros e a solicitude dunha praza de técnico/a superior de laboratorio impulsada pola Dirección do Departamento de Enxeñaría de Recursos Naturais e Medio Ambiente.
- **R2-PE01 P1 Identificación das necesidades de formación do PAS do centro.** Considérase que están ben cubertas.

A Comisión ratifica por asentimento os dous rexistros.

A Presidenta agradece a súa colaboración a Ana Cacheiro.

**4. Aprobación, se procede, dos seguintes rexistros do procedemento PE02 P1 Xestión do PDI.**

- **R1 Resultados de avaliación docente definitivos (anuais)**
- **R2 Informe de responsables académicos**
- **R3 Listaxe de accións formativas derivadas de necesidades detectadas.**

A Directora cede a palabra ao Coordinador de Calidade, quen propón incluír no rexistro R1 todos os documentos de avaliación docente anual publicados, para cada titulación, desde que se pechou o rexistro correspondente ao curso 2017-2018 (febreiro de 2018):

- ✓ EAD 2017-2018
- ✓ EAD 2018-2019
- ✓ Informe Docentia 2016-2017.

Estes documentos están recollidos no ANEXO V.

En canto ao rexistro R2 explica que non procede rexistrar ningún documento xa que aínda non se coñecen os resultados do Docentia quinquenal do período 2011/2012 a 2015/2016 e o 27 de decembro remata o prazo para subir ao SGIC os rexistros correspondentes ao curso 2018-2019.

No referente ao rexistro R3, comenta que aínda non se recibiron suxestións de accións formativas para o PDI polo que reitera a petición aos membros da comisión e a fará extensiva a todo o profesorado do centro. Polo tanto, propón pospoñer o tratamento deste rexistro a unha próxima sesión da comisión.

A comisión aproba por asentimento a proposta da dirección sobre estes tres rexistros.

**5. Aprobación, se procede, do rexistro R3 Informes de revisión interna, do procedemento DO0102 Seguimento e mellora das titulacións:**

A Directora lembra que o 11 de novembro se recibiu o informe provisional de revisión interna, o 19 de novembro se aprobou na comisión de calidade do centro o documento de alegacións e comentarios, o 22 de novembro se remitiu dito documento á Área de Calidade e que hoxe mesmo recibíuse o informe final de revisión interna (ANEXO VI). A continuación amosa o informe e o comenta brevemente centrándose nas respostas as

alegacións presentadas: unhas foron tidas en conta, retirando ou matizando varias entradas do informe provisional, e outras non de xeito que se manteñen e deberán ser tidas en conta no próximo Informe de Revisión pola Dirección.

A comisión aproba por asentimento o rexistro R3-DO0102.

## 6. Rogos e Preguntas.

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12 horas e 34 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a dezaioito de decembro de dous mil dezanove.

Vº e Prace

A Presidenta

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba



## **ANEXO I**

Convocatoria da CGIC do 18/12/2019



## Asunto: Convocatoria ordinaria da Comisión de Calidade

Por orde da súa Presidenta, convócase a todos os membros da Comisión de Garantía de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía a unha reunión **ORDINARIA** que terá lugar o día 18 de decembro de 2019 na Sala de Xuntas do módulo de Dirección ás 11:30 horas en primeira convocatoria e ás 12:00 horas en segunda, para tratar os seguintes puntos da

### ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o 19 de novembro de 2019.
2. Informe do Coordinador.
3. Aprobación, se procede, dos seguintes rexistros do procedemento PE01 P1 Xestión do PAS:
  - R1 Identificación das necesidades do PAS do centro
  - R2 Identificación das necesidades de formación do PAS do centro.
4. Aprobación, se procede, dos seguintes rexistros do procedemento PE02 P1 Xestión do PDI:
  - R1 Resultados de avaliación docente definitivos (anuais)
  - R2 Informe de responsables académicos
  - R3 Listaxe de accións formativas derivadas de necesidades detectadas.
5. Aprobación, se procede, do rexistro R3 Informes de revisión interna, do procedemento DO0102 Seguimento e mellora das titulacións.
6. Rogos e Preguntas.

Vigo, 11 de decembro de 2019

O Coordinador da Comisión de Calidade

Guillermo García Lomba



## ANEXO II

Asistentes á CGIC do 18/12/2019





<b>Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade do 18 de decembro de 2019</b>	
Elena Alonso Prieto	Presidenta / Directora
María Araújo Fernández	Coordinadora Grao ERME
Guillermo García Lomba	Secretario / Coord. Calidade
David Patiño Vilas	Coordinador Grao EE
Ana Rodríguez Rodríguez	Calidade Máster EM
M <sup>a</sup> Carmen Romo Pérez	Repr. da Administradora do centro
<b>Escusan a súa asistencia</b>	
Luisa Álvarez Zaragoza	Repres. do Estudantado Egresado
Elena González Rodríguez	Representante do PDI
Teresa Rivas Brea	Enlace Igualdade



## ANEXO III

Rexistro R3-MC02 P1 Informe de QSP periódico (curso 2018-2019)  
do procedemento MC02 P1 Xestión das QSP



## ANEXO IV

Rexistros do procedemento PE01 P1 Xestión do PAS:

- a. R1 Identificación das necesidades do PAS do centro
- b. R2 Identificación das necesidades de formación do PAS do centro



## ANEXO V

Rexistro R1 Resultados de avaliación docente definitivos (anuais)

do procedemento PE02 P1 Xestión do PDI:

- a. EAD 2017-2018 (por titulacións)
- b. EAD 2018-2019 (por titulacións)
- c. Informe Docencia 2016-2017 (por titulacións)



## ANEXO VI

Rexistro R3 Informes de revisión interna, do procedemento  
DO0102 Seguimento e mellora das titulacións